

CONSUELO FERREIRO REGUEIRO, SECRETARIA XERAL DA UNIVERSIDADE DE SANTIAGO DE COMPOSTELA,

CERTIFICA, antes da aprobación da acta correspondente, que o Consello de Goberno da USC, na sesión do día catro de febreiro de dous mil quince, aprobou a modificación da Política de Prevención de riscos laborais, nos termos do documento adxunto.

E para que así conste, asino a presente certificación, en Santiago de Compostela, a seis de febrero de dous mil quince, co Visto e Prace do sr. Reitor.

Vº e Prace

O reitor

Juan M. Viaño Rey



C. Ferreiro

POLÍTICA DE PREVENCIÓN DE RISCOS LABORAIS

A política de prevención de riscos da Universidade de Santiago de Compostela (USC) descansa en catro PRINCIPIOS básicos:

- O valor das persoas como eixe central da actividade preventiva, de aí a necesidade de garantir un nivel elevado na seguridade, saúde e benestar de todos promovendo a mellora das condicións nas que se desenvolven as actividades laborais, docentes, de estudo e de investigación.
- A integración da xestión preventiva na actividade cotián asumindo que a responsabilidade na xestión da prevención de riscos incumbe a toda a Universidade e, en consecuencia, á Reitoría, aos diferentes Órganos de Goberno e a todos os membros da Comunidade Universitaria.
- A participación como elemento central para a mellora continua da acción preventiva a través da información, consulta e participación dos traballadores, en todos os niveis e estamentos da Universidade.
- A consideración da prevención de riscos como un requisito imprescindible para acadar a calidade na actividade universitaria, incluíndo o respecto ás condicións de seguridade, saúde e benestar das persoas como un elemento central da cultura da calidade.

Principios que levan ao desenvolvemento dos seguintes COMPROMISOS:

1. Acadar un alto nivel de seguridade e saúde na actividade universitaria, previndo os danos e deterioro da saúde que se poidan producir, evitando os riscos presentes nos distintos postos de traballo e valorando aqueles que non puideron evitarse.
2. Cumprir a normativa en materia de prevención de riscos laborais e outros requisitos non regulamentarios que a USC subscriba voluntariamente.
3. Aplicar e manter actualizado un Plan de Prevención de Riscos Laborais que integre todo o relativo ás condicións de traballo e conteña os recursos preventivos necesarios para desenvolver unha acción permanente de seguimento da actividade preventiva verificando sistematicamente o cumprimento e a efectividade da mesma.
4. Desenvolver, aplicar e manter un modelo de xestión da prevención destinado á mellora continua da xestión e desempeño da seguridade e saúde no traballo e das condicións de traballo e estudo, de xeito que os aspectos preventivos se incorporen en todas as actividades que se desenvolvan na USC a todos os niveis de decisión e responsabilidade.
5. Considerar o coñecemento e capacidade profesional dos traballadores en materia de seguridade e saúde para a asignación de traballos e elección de substancias, equipos e métodos de traballo.

6. Favorecer os sistemas de protección colectiva sobre os individuais.
7. Garantir a participación do persoal docente, investigador e de administración e servizos en todo o que poda afectar á seguridade e saúde no traballo.
8. Desenvolver as actividades de información e a formación necesarias para o desenvolvemento da política preventiva, fomentando unha cultura preventiva.
9. Promover a integración das entidades externas que prestan servizos nas instalacións da USC, así como dos subministradores, no compromiso activo da mellora das condicións de traballo.
10. Difundir a política de prevención da USC entre toda a comunidade universitaria e poñela a disposición de todas as partes interesadas.